

Lei de Caixas e fusión galega: defendendo os intereses do País



hai alternativa !



bloque nacionalista galego

Lei de Caixas e fusión galega: defendendo os intereses do País

1

Galiza xa ten unha nova Lei de Caixas

Grazas ao impulso e á iniciativa do BNG, Galiza xa ten unha nova Lei de Caixas. Esta nova Lei de Caixas pon os aforros dos galegos ao servizo da economía produtiva do País; garante a renovación dos órganos directivos e o control democrático da xestión das caixas a través da representación pública; e serve para democratizar e facer máis transparentes estas entidades.

A Lei xa está aprobada e agora só resta que o Goberno galego sexa quen de tirarlle a máxima potencialidade. O BNG, desde logo, estará vixiante para que tal cousa aconteza. **Está en xogo o destino dos aforros dos galegos e das galegas.** Está en xogo que se restaure o fluxo do crédito a empresas e particulares e, portanto, boa parte das opcións de saída da crise económica.

2

A fusión galega, a única garantía de mantermos un sistema financeiro galego

A Lei de Caixas debe vir acompañada da fusión galega que o BNG defende con enerxía desde que o Goberno do Estado promoveu o Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria, isto é, desde que o poder central despregou unha estratexia dirixida á desterritorialización e privatización das caixas de aforro.

Esa estratexia -que de levarse a efecto implicaría a desaparición das caixas galegas como tales- infelizmente atopou colaboradores en Galiza, distintos sectores sociais, políticos e económicos que, baixo o disfraz localista, o único que defenden son os intereses de Madrid e da gran banca privada española.

A Lei de Caixas é un auténtico antídoto contra o deseño desgaleguizador e privatizador impulsado polo Goberno de Zapatero co apoio explícito de Mariano Rajoy.

3

O PSdeG-PSOE, sen autonomía para defender as caixas

É especialmente lastimosa a posición política do PSdeG-PSOE, que na xestión deste asunto puxo de relevo até que punto é na práctica a sucursal galega do PSOE, sen a máis mínima autonomía para defender os intereses de Galiza.

Lei de Caixas e fusión galega son os alicerces sobre os que construír un novo sistema financeiro do País, que atenda as necesidades da nosa economía e da nosa sociedade. A nova Lei non vai contra ninguén, nen moito menos contra ningún territorio ou cidade. Ao contrario: é a garantía de que as caixas de aforro continúen vinculadas ao País, de maneira que se evite a expatriación, a drenaxe, dos depósitos dos galegos e das galegas cara á outros territorios do Estado.

4

Os que din defender Vigo só defenden intereses persoais e a estratexia de Madrid

Os que din defender Vigo e os seus intereses o único que están a defender en realidade **son os intereses dalgún directivo e do poder central**, ou sexa, os intereses dos grandes monstros financeiros españois que teñen no seu deseño a absorción das caixas galegas.

Ninguén está a defender a día de hoxe a permanencia das caixas galegas tal como existiron até agora. **Non son viábeis por si soas**. Teñen que aliarse con outras. Nese escenario é evidente que o mellor para Galiza é que se fusionen entre elas e non con outras foráneas que as acabarían absorbendo.

Se Caixanova se fusiona con caixas de fóra, a entidade resultante tería a súa sede non en Galiza, senón en Madrid. Isto é o que oculta o alcalde da cidade e os sectores que o amparan.

5

Defendemos unha fusión paritaria e equilibrada, sen vencedores nen vencidos

A fusión galega é, portanto, a única alternativa que garante que o centro de decisión do sistema financeiro do País fiquen aquí e non vaia a Madrid. **Unha fusión paritaria. Unha fusión equilibrada. Unha fusión sen vencedores nen vencidos.**

A fusión galega é a única garantía de que o País vaia manter un sistema financeiro propio. Por iso o Goberno do Estado non a ve con bos ollos. Por iso os que colaboran co poder central prefiren que as nosas caixas sexan absorbidas por entidades foráneas.

6

Ou unha grande caixa galega ou dúas sucursais de bancos con sede en Madrid

En realidade, só hai dúas opcións sobre a mesa. Ou unha grande caixa galega ou unha sucursal de Cajamadrid e outra sucursal dunha plataforma liderada por Caixastur ou Ibercaja.

Non hai marxe para a ambigüidade. **Ou se está con Galiza ou se traizo a Galiza.** Ou se está pola fusión galega ou se está polo deseño elaborado polo Banco de España para, no medio prazo, entregar as caixas á banca privada española.

Nesta encrucillada é vital que a sociedade tome consciencia dos intereses que hai en xogo. O BNG, desde logo, vai pór todo da súa parte para que o País gañe esta batalla.

